



COOPERATIVA RIOMAIOR

ESTATUTOS DA COOPERATIVA RIOMAIOR

Artigo I. Nome

A empresa funcionará baixo o nome de Cooperativa Riomaior.

Artigo II. Obxecto social

A nosa empresa ten a seguinte actividade: Elaboración de produtos feitos con material reciclado mediante encargo ou en vendas en mercados ou feiras, ademáis organizará diversos eventos para dinamizar o concello de Vilaboa e o turismo.

Artigo III. Duración

A empresa constitúese a día 19 de setembro ata o día 20 de Xuño

Artigo IV. Enderezo

O enderezo social queda establecido en Riomaior 17, Santa Cristina de Cobres CP 36142 Vilaboa (Pontevedra)

Artigo V. O Capital

Para a súa constitución non se requiriu ningún investimento, soamente aportación dun obxecto de elaboración propia e material de desfeito.

Artigo VI. As contas

Os informes de contas presentaranse aos socios unha vez o mes, os encargados das contas serán:

Don Darío Fernández

Doña Clara Araújo

Don Roi Fernández



COOPERATIVA RIOMAIOR

Doña Raquel Trabazo

Y Don Pablo Fernández

E a supervisora de ditas contas será Dona Verónica Paz

Artigo VII. Recuperación do investimento.

Unha vez finalizado o contrato, todos os beneficios repartiranse a partes iguais entre os socios, destinando cadansúa parte o pago dunha excursión escolar, facéndose un donativo co sobranse á residencia de anciáns da zoa de Vilaboa e a asociación do Saghara.

Artigo VIII. Utilización dos beneficios.

Cos beneficios obtidos iremos de viaxe e co restante farase unha doación.

Artigo IX. Normativa para os eventos

Cláusula I. O traballador/a que fora convocado a asistir a algún evento e non apareza sen previo aviso, terá que suplir o tempo en horas de traballo para a cooperativa no recreo.

Cláusula II. Se o traballador/a asiste ao evento, pero non cumpre coas súas función de venda, montaxe e recollida, deberá resarcir á empresa con horas de traballo para a cooperativa no recreo.

Cláusula III. Se durante algún evento se xestionan mal os cobros, causando prexuízos á cooperativa, compensarase en sesións de recreo, o número de recreo irá en función da perda ocasionada.

Artigo X. Traballo persoal.



Cláusula I. O cooperativista asistirá unha tarde ao trimestre como mínimo para realizar encargos pendentes da empresa, se non acode compensará con horas de traballo na casa.

Cláusula II. Aquel/a cooperativista que non faga os pedidos no prazo indicado, chamará por teléfono ao cliente para dar explicacións.

Cláusula III. Todo aquel que malgaste ou estrague o material ou non aporte ningún, compensarao organizando o material da aula de art no recreo.

Artigo XI. Incumprimento das normas da cooperativa.

Cláusula I. Aquel/a cooperativista que incumpra as normas, someterase ao xuízo por parte de toda a cooperativa na asemblea dos luns, acatando a sanción imposta por votación.

Cláusula II. Os participantes da cooperativa que incumpran dúas ou máis normas do estatuto da cooperativa Riomaior, ou unha en reiteradas ocasións, penalizarase co exención na participación da actividade final.

Cláusula III. Aquel/a traballador/a que falte ao respecto a calquera dos membros da cooperativa, será penalizado dependendo do grado mediante a decisión da asemblea dos luns, a sanción máis grave será a expulsión da excursión final.

Artigo XII. Suxestións.

Todas aquelas suxestións ou queixas, faranse mediante o buzón da cooperativa, pasando a tratar os temas demandados na asemblea dos luns.



COOPERATIVA RIOMAIOR

Artigo XIII. Premios.

A cooperativa premiará a aqueles cooperativistas que realicen horas ou traballos extra, o finalizar o contrato coa cooperativa. Nembargantes serán mencionados no taboleiro dos traballadores/as do mes, colgado no holl principal do centro.

ASINADO POLOS 31 MEMBROS DA COOPERATIVA RIOMAIOR,
HOXE PRESENTES A DATA 24/10/2016